

## EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

**O Pleno municipal do Concello de Narón, en sesión de data 3 de setembro de 2018, acordou o seguinte:**

“O Concello de Narón, dun xeito indirecto e a través dunha concesión administrativa, veu prestando nos últimos decenios o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) e limpeza viaria neste termino municipal, rematando na actualidade -22 de novembro de 2017 - o contrato primixenio e as sucesivas prórrogas autorizadas. En cumprimento do previsto na cláusula IV.5 do prego regulador daquela contratación designouse ao Encargado dos servizos externos municipais como interventor da devandita concesión, elaborándose por aquel funcionario, informe-auditoría sobre a avaliación e estado de situación do servizo prestado.

En calquera caso e como trámites preparatorios á efectiva incoación do expediente de contratación a alcaldía do concello procedeu á realización de diversas actuacións tendentes a clarificar a oportuna clasificación do contrato a celebrar, e á aportación da documentación precisa para tal fin (estrutura de custos, prescricións técnicas e administrativas, anteproxecto de explotación, etc.).

Faise constar neste intre a concorrencia de dúas circunstancias de transcendental exame e consideración en relación ao servizo que se trata, que supuxeron na práctica o remate do prazo anteriormente sinalado sen contar cunha nova adxudicación daquel; a saber; por unha banda no seo da Mancomunidade de municipios de Ferrol acordouse elaborar – e con esa finalidade, así se contratou – un estudo enfocado a analizar a situación actual do servizo de recollida dos RSU nos concellos integrados naquel organismo e a identificar as opcións ou posibilidade de compartir a súa dación nun futuro entre todos ou parte dos municipios membros daquela entidade. Por outra banda a promulgación da nova lei de contratos do sector público e o ditado previo de diversas directivas europeas sobre la materia, veu a supor unha alteración substancial do réxime xurídico aplicable ás prestacións examinadas que dificultou sobre maneira a estrita observancia dos prazos de contratación debidos e mesmo a definición e perfil do propio obxecto contractual tal e como viño sido prestado ao longo deste anos.

Resultando pois agora oportuno e convinte proseguir coa axeitada prestación dese servizo así como determinar e precisar a concreta forma xestora inmediata e futura da recollida de residuos (servizo, non o esquezamos, cualificado como “público” e fronte ao que o Concello - nos termos establecidos pola lexislación do Estado e a autonómica-, ostenta competencias propias, ex artigo 25 da Lei de Bases de réxime local; e cualificado como servizo mínimo de obrigada prestación en virtude do sinalado no artigo 26 dese mesmo texto normativo; - neste mesmo xeito *vid.* artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de

Administración Local de Galicia-), faise precisa a aprobación do informe xustificativo de necesidade do devandito contrato, elaborado polo funcionario responsable do servizos externos en data 26 de xullo de 2017, que se transcribe a continuación:

### ***“INFORME MOTIVADO SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DE LIMPEZA VIARIA***

*Ao amparo do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación, é obxecto do presente informe a necesidade de proceder á contratación dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria.*

#### **ANTECEDENTES**

*O Concello de Narón viña prestando de xeito indirecto, mediante unha concesión administrativa que rematou o 22/11/2017, os servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria.*

#### **DESCRICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

*O obxecto do contrato é a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos de carácter domiciliario ou asimilables xerados dentro do termo municipal, e o traslado dos mesmos ata a planta de transferencia ou ata as instalacións do xestor autorizado correspondente. Constitúe tamén o obxecto do contrato a prestación do servizo de limpeza viaria, que inclúe o desbroce e limpeza das parcelas e os espazos públicos existentes e o perímetro das vías interurbanas e rurais de titularidade municipal.*

*O detalle das diferentes operacións a realizar para a prestación dos devanditos servizos, en parte reguladas na Ordenanza de residuos e limpeza viaria do Concello de Narón aprobada polo Pleno da Corporación do Concello de Narón, na sesión celebrada o 26/07/2012, determinarase no prego de prescricións técnicas correspondente.*

#### **NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN**

*O art. 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local sinala, entre as materias nas que os concellos exercerán competencias nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, os servizos de limpeza viaria e de recollida e tratamento de residuos. O art. 26.1.a), que todos os municipios deberán prestar, en todo caso, os de recollida de residuos e limpeza viaria. Nese mesmo senso os arts. 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. A mesma obriga está incluída no art. 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e solos contaminados e no art. 5 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia. Por outra banda, o art. 86.3*

*da Lei 7/1985 declara a reserva en favor das Entidades locais da prestación dos servizos de recollida, tratamento e aproveitamento de residuos*

*Cabe por tanto concluír que ámbolos dous servizos que se pretenden contratar teñen carácter público e son de competencia municipal e obrigada prestación, polo que é necesario continuar coa súa axeitada prestación.*

*Polo que atinxe ao xeito concreto de xestión, o Concello de Narón non conta con persoal ocioso nin con equipos especializados para acometer a prestación directa dos servizos. En tales circunstancias, o funcionario que subscribe considera que o contrato de servizos é o mais adecuado para asumir a prestación. O art. 17 da Lei 9/2017 define os contratos de servizos como “aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer, consistentes no desenvolvemento dunha actividade o dirixidas á obtención dun resultado distinto ao dunha obra ou un subministro, incluíndo aqueles nos que o adxudicatario obrígase a executar o servizo de xeito sucesivo e por prezo unitario”.*

*Polo funcionario que subscribe analizouse a posibilidade de segregar o contrato en lotes (recollida ordinaria e selectivas, transportes de residuos, limpeza viaria, etc.) co gallo de facilitar a posible participación na licitación das pequenas e medianas empresas, co resultado de que non parece aconsellable proceder á división en lotes por razóns de eficiencia económica. A integración e coordinación das actividades entre as que existen relacións funcionais, como a utilización compartida de equipos e recursos humanos para a realización dos diferentes tipos de recollidas, ou a realización da limpeza do entorno dos emplacements dos contedores ou a utilización dos equipos de recollida para o transporte dos residuos acumulados por la limpeza viaria, entre outras posibilidades, permiten optimizar a utilización dos recursos e reducir o impacto dos custes de amortización na prestación duns servizos nos que os investimentos en bens de equipo supoñen un importe considerable. Por outra banda, a falta de recursos técnicos e especializados suficientes, que é precisamente unha das causas que motiva a necesidade de subscribir o contrato obxecto deste informe, dificulta se non imposibilita a coordinación e o control das actividades de diferentes contratistas, o que pode resultar excesivamente difícil e oneroso dende o punto de vista técnico, e podería incrementar gravemente o risco dunha execución eficaz e eficiente do contrato.*

## **PRAZO DE EXECUCIÓN**

*O apartado 1 do art. 29 da Lei 9/2017 establece que “a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización das mesmas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos”. O apartado 4, que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación. Con carácter excepcional, poderase establecer un prazo de duración superior, cando o esixa o período de recuperación dos investimentos directamente relacionados co contrato e estes non sexan susceptibles de utilizarse no resto da actividade produtiva do contratista ou a súa utilización fose antieconómica, e sempre que a amortización dos devanditos investimentos supoña un custo relevante na prestación do servizo, circunstancias que se*

*considera que quedarán suficientemente xustificadas nos estudos técnicos e económicos que se incorporarán ao expediente de contratación ao longo da tramitación. Consonte co estipulado no apartado 9, o período de recuperación dos investimentos calcularase segundo o establecido no art. 10 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía española.*

*Sen prexuízo do que resulte dos estudos técnicos e económicos antes indicados, considerando a natureza do obxecto do contrato, a vida útil dos equipos, as esixencias de calidade da prestación e o prezo a abonar polos usuarios, o prazo de execución do contrato estímase ao redor dos dez anos.*

### **IMPORTE MÁXIMO DE LICITACIÓN:**

*Nos Orzamentos xerais do Concello para o exercicio 2018 consignáronse créditos por importe de 1.430.000 € e 1.200.000 € para facer fronte aos gastos relativos á recollida de residuos sólidos urbanos e á limpeza viaria, respectivamente. Non obstante, o prezo máximo de licitación será o que se determine a partir dos estudos económicos correspondentes, tendo en conta as características das prestacións e o prazo definitivo de execución do contrato.*

### **MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

*No que atinxe á posibilidade de introducir modificacións nos termos do contrato estarase ao que se estipule nos pregos de condicións, sempre de conformidade co disposto nos arts. 204 e 205 da Lei 9/2017.*

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia*
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público.*
- Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía española*
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e solos contaminados.*
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.*
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, do 13 de xaneiro de 2011.*
- Ordenanza de residuos e limpeza viaria do Concello de Narón.*
- Ordenanza fiscal n.º10, Reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos.*

## **RESPONSABLE TÉCNICO DO CONTRATO**

*O responsable da execución do contrato será o funcionario que ostente a titularidade da xefatura dos Servizos externos do Concello de Narón, consonte co que se recolle na estrutura orgánica municipal.*

*Narón, 26 de Xullo de 2018.*

*O Xefe de Servizos Externos.- Francisco Garcia Gato.”*

Á vista do documento exposto estímase que resulta convinte a contratación pretendida a través do denominado contrato de servizos, definido no seu artigo 17 como aquel cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aqueles nos que o adxudicatario obrigase a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

O Título II da lei citada desenvolve a regulación dos distintos tipos de contratos das administracións públicas, abordando no seu Capítulo V (artigos 308 a 313) a regulación desa concreta figura contractual; dispoñendo o seu artigo 312 que nos contratos de servizos que con leven prestacións directas a favor da cidadanía se deberán cumprir as seguintes prescricións (sic):

*a) Antes de proceder a la contratación de un servicio de esta naturaleza deberá haberse establecido su régimen jurídico, que declare expresamente que la actividad de que se trata queda asumida por la Administración respectiva como propia de la misma, determine el alcance de las prestaciones en favor de los administrados, y regule los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo relativos a la prestación del servicio.*

*b) El adjudicatario de un contrato de servicios de este tipo estará sujeto a las obligaciones de prestar el servicio con la continuidad convenida y garantizar a los particulares el derecho a utilizarlo en las condiciones que hayan sido establecidas y mediante el abono en su caso de la contraprestación económica fijada; de cuidar del buen orden del servicio; de indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, con la salvedad de aquellos que sean producidos por causas imputables a la Administración; y de entregar, en su caso, las obras e instalaciones a que esté obligado con arreglo al contrato en el estado de conservación y funcionamiento adecuados.*

*c) Los bienes afectos a los servicios regulados en el presente artículo no podrán ser objeto de embargo.*

*d) Si del incumplimiento por parte del contratista se derivase perturbación grave y no reparable por otros medios en el servicio y la Administración no decidiese la resolución del contrato, podrá acordar el secuestro o intervención del mismo hasta que aquella desaparezca. En todo caso, el contratista deberá abonar a la Administración los daños y perjuicios que efectivamente le haya ocasionado.*

*e) La Administración conservará los poderes de policía necesarios para asegurar la buena marcha de los servicios que conlleven prestaciones directas a favor de la ciudadanía de que se trate.*

*f) Con carácter general, la prestación de los servicios que conlleven prestaciones directas a favor de la ciudadanía se efectuará en dependencias o instalaciones diferenciadas de las de la propia Administración contratante. Si ello no fuera posible, se harán constar las razones objetivas que lo motivan. En estos casos, a efectos de evitar la confusión de plantillas, se intentará que los trabajadores de la empresa contratista no compartan espacios y lugares de trabajo con el personal al servicio de la Administración,*

*y los trabajadores y los medios de la empresa contratista se identificarán mediante los correspondientes signos distintivos, tales como uniformidad o rotulaciones.*

*g) Además de las causas de resolución del contrato establecidas en el artículo 313, serán causas de resolución de los contratos de servicios tratados en el presente artículo, las señaladas en las letras c), d), y f) del artículo 294.*

En aras á natureza e condición de servicio público obrigatorio e mesmo da declaración de reserva como servicio esencial da recollida, tratamento e aproveitamento dos residuos que efectúa o artigo 86.2 da LBRL, estímase que se produce ex lege a asunción desa actividade prestacional como propia desta Administración, estimándose incorporados a este expediente a regulación prevista na ordenanza de residuos e limpeza viaria do Concello de Narón, (BOP nº 224, do 23 de novembro de 2012); así como a contida na ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola recollida de refugallos sólidos urbanos; sen prexuízo das determinacións de carácter técnico e económico que sexan incorporados ao expediente que agora se incoa.

Á vista do anteriormente exposto, e visto o ditame favorable por maioría (co voto en contra do Grupo Mixto, as dúas abstencións dos representantes do PP e os votos a favor de TEGA (4), PSdeG-PSOE (1) e BNG (1) ) na comisión informativa extraordinaria de contratación, persoal e especial de contas, celebrada o 29 de agosto de 2018, o seu presidente propón ao pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Informe xustificativo da necesidade do contrato anteriormente transcrito no seo desta proposta.

SEGUNDO.- Incoar o expediente de contratación denominado “Servicios de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria no Concello de Narón”.

TERCEIRO.- Ordenar a redacción e posterior incorporación a este expediente de cantos informes legalmente resulten precisos, así como dos pregos reguladores do mesmo.”

**Unha vez redactados por empresa consultora os pregos administrativo e técnico do referido servicio, expóñense ao público e a cantas entidades ou persoas se estimen interesadas no devandito expediente, por un prazo de quince días naturais, aos exclusivos efectos de participación cidadá, podendo presentar a través do enlace que se inclúe cantas suxerencias ou aportacións se teñan por pertinentes.**